

# PLAN DIXITAL

## *CEEPR ASPANAEX*

O Plan Dixital de centro é un documento a través do cal os centros analizan a súa realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definen un plan de actuación que incluírá os obxectivos a conseguir, as actuacións específicas para implementar este plan, a súa avaliación e difusión. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

#### CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL ASPANAEX

- Dirección: Rúa Mestres Goldar 18 36203 VIGO
- Correo electrónico: [educacion@aspanaex.org](mailto:educacion@aspanaex.org)
- Páxina web: [WWW.aspanaex.org/educacion\\_especial.html](http://WWW.aspanaex.org/educacion_especial.html)
- Etapas educativas: Educación Especial de 3 a 21 años
- Nº de aulas: 5
- Profesorado: 5 Titores/as e 1 Profesor de Apoio
- Titularidade: Privada. A Entidade Titular é a “Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra-ASPANAEX”
- Concerto: Coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Aspanaex, como colexio concertado de educación especial, conta cunha longa traxectoria desde a súa creación en 1979 nas instalacións da rúa San Amaro de Vigo. En 1984, trasládase á nova e actual infraestrutura localizada na rúa Mestres Goldar 18. Forma parte da Asociación Aspanaex, cun proxecto máis amplo e xeneral de atención e orientación a persoas con discapacidade intelectual, física e/ou sensorial. Para nós a calidade educativa susténtase no respecto á persoa, á profunda comprensión das necesidades e fortalezas de cada alumno e á atención integral e individualizada. O colexio está situado no Concello de Vigo, nunha zona tranquila afastada do centro da cidade, entre a Igrexa románica de Santa María de Castrelos e o Parque Quiñones de León coñecido pola maioría dos vigueses como o Parque de Castrelos ou Finca da Marquesa, rodeado de bosques e zonas verdes que se utilizan como recurso educativo. É por tanto periurbano e está integrado nun pequeno núcleo de poboación no que a maioría das vivendas son unifamiliares e dun nivel socioeconómico medio. A diferenza de outros centros escolares onde a maior porcentaxe de alumnado é da contorna, no noso caso pertence a variadas parroquias da cidade e incluso de fora do concello.

Este Plan Dixital formará parte destacada no Proxecto Educativo de Centro que se está a actualizar polo cambio da poboación escolar que se ven dando nos últimos anos para atender á diversidade funcional dos nosos alumnos e alumnas. Así mesmo farase constar na Programación Xeral Anual do curso 22/23 o proceso e compromiso dos obxectivos a traballar no curso en relación co Plan Dixital do Centro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

### 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital parte da proposta da Consellería de Educación co nomeamento da figura dun coordinador na persoa de D. Álvaro Rodríguez Pérez, docente e xefe de estudos do centro.

O coordinador informou ao equipo docente da folla de ruta a seguir no curso e que consistiu en:

- Novembro 2021: Contacto coa persoa ADIX do centro. D. Ramón Allegue.
- Decembro 2021: Configuración e envío do SELFIE do centro educativo.
- Xaneiro 2022: Visita do mentor a Aspanaex.
- Febreiro 2022: Realización do test CDD por parte do profesorado do centro.
- Marzo 2022: Recompilación de datos, reflexión e elaboración do DAF0.
- Abril-Maio 2022: Definición de obxectivos e accións a seguir no Plan de Acción.
- Xuño 2022: Elaboración do documento do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

	ORDENADORES	TABLETAS	PROXECTORES	PANTALLAS INTERACTIVAS
AULA 1	1	1	1	
AULA 2	2	3		
AULA 3	1	1		
AULA 4	2	4		1
AULA 5	1	2		
BIBLIOTECA	1			1
DIRECCIÓN	1			
PSICOLOXÍA	1			
LOGOPEDIA	1			
FISIOTERAPIA	1			

A conectividade a internet faise a través da rede cableada para os ordenadores e as pantallas interactivas, utilizándose a wifi para as tabletas.

O uso máis frecuente que se lle da a cada un deles é:

- Ordenador:
  - Busca de Internet.
  - Apoio para a Pantalla Interactiva.
- Pantalla interactiva:
  - Traballar aplicacións informáticas.
  - Ver presentacións multimedia.
  - Uso de Internet co alumnado.
- Tabletas:
  - Aplicacións temáticas de carácter lúdico: causa efecto, atención, memoria, vocabulario,...
  - Aplicacións relacionadas coa Comunicación Aumentativa.
- Proxector:
  - Visionado de vídeos e presentacións na aula ou en gran grupo.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Información do resumo das áreas do informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	2,7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1,5				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	4,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1				
	Profesorado	2				
	Alumnado	3,3				

**Test CDD:** Información recollida na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD e nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

*1.3. Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>PROFESORADO</b>	5	6	83.3%
DEFINITIVO			
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

*2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
46,2	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

*2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
E. E.	46,2	Explorador/a (A2)	72,2	Integrador/a (B1)

*2.3. Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	80%
B1	1	20%
B2		
C1		
C2		
<b>TOTAL</b>	5	100,00%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Dispositivos dixitais para a ensinanza.	1. Asistencia técnica
	PERSOAL DOCENTE	1. Participación en el Desarrollo Profesional Continuo (DCP) 2. Adaptación a las necesidades del alumnado	1. Tiempo disponible para explorar nuevas modalidades de ensinanza con tecnoloxías dixitais
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Disponibilidade de dispositivos dixitais para el aprendizaje	1. Competencia general de nuestro alumnado en cuanto habilidades, coñecimentos y actitudes para hacer un uso desenvuelto, creativo y crítico de las tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Dotación de dispositivos para el personal y el alumnado 2. Promoción al Desarrollo Profesional Continuo (DCP)	1. Carencia de una estrategia dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Aporte de fondos para material que puede ser destinado a equipos dixitais 2. Estabilidade laboral del personal docente	1. La administración no promueve plataformas dixitais a los centros concertados
	LEXISLACIÓN		1. Desconocimiento de la legislación educativa
	CONTORNA		
	ANPA		1. No existe ANPA
	OUTRAS ENTIDADES	1. Oferta de actividades formativas por parte de PLENA INCLUSIÓN	



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Sendo Aspanaex un Centro de Educación Especial que atende a nenos e nenas con discapacidade intelectual á que se engaden físicas e sensoriais, constatamos a baixa competencia dixital asociada do noso alumnado. So un dos dezaseis foi quen, con apoio, de realizar a enquisa.

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO foi establecer as áreas prioritarias e determinar os obxectivos que queremos conseguir. Por cada obxectivo elaboráronse unas táboas que se anexan ao final deste documento onde se amosa ata onde queremos chegar para cada un deles e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Así mesmo, determinamos as accións para conseguir cada obxectivo, eliximos os responsables das mesmas, acordamos unha temporización e determinamos os recursos necesarios.

A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

O máis significativo do noso Plan Dixital é a constitución dun Equipo Tic, un grupo de traballo para promover o uso da tecnoloxía no centro coas seguintes funcións:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC no colexio.
- Dinamizar a páxina web e crear un blog do centro.
- Elaborar sesións de formación interna sobre o uso dos diferentes recursos TIC dispoñibles no centro.
- Organizar sesións de traspaso das novas ferramentas derivadas da formación realizada ao resto do claustro.
- Diseñar estruturas de organización interna relacionadas coas TIC para o fluxo de informacións.
- Promover no centro tecnoloxías que sexan accesibles para todo o alumnado.

- Potenciar o uso da pantalla dixital.
- Contemplan o uso das novas tecnoloxías como unha ferramenta a potenciar na metodoloxía do centro desde unha perspectiva individual en base ás necesidades de cada alumno.
- Crear materiais didácticos en base ás necesidades de cada alumno.
- Supervisar as necesidades de materiais tecnolóxicos e propoñer a adquisición ou renovación no seu caso.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O Equipo TIC fará una valoración das necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos.

As últimas adquisicións realizadas foron a substitución dunha pizarra dixital por unha pantalla interactiva na biblioteca e a incorporación de outra pantalla interactiva a unha das aulas do centro.

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

A acción para a difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa consistirá na publicación do proxecto na web do centro [www.aspanaex.org/educacion\\_especial.html](http://www.aspanaex.org/educacion_especial.html)

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)							
<b>OBXECTIVO 1</b>	CREAR UN GRUPO DE TRABAJO PARA PROMOVER O USO DA TECNOLOXÍA DIXITAL NO CENTRO				Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	XEFATURA DE ESTUDOS				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de docentes pertencentes ao grupo de traballo						
<b>Valor de partida</b>	0%						
<b>Valor previsto e data</b>	50% (3 de 6)			05/10/2022			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Convocar unha reunión cos docentes para dinamizar a participación	Xefatura de estudos	21/09/2022	Acta da reunión			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Formalizar o Grupo de Traballo TIC	Coordinador TIC	05/10/2022	Acta de constitución do Grupo de Traballo TIC			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
						Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”: LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 2	INSTALAR E PROMOVER A FERRAMENTA ABALAR PARA A COMUNICACIÓN ENTRE TITORES E FAMILIAS				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de TITORES QUE REALIZAN A COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DO SISTEMA ABALAR					
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	100%			20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Xestionar coa UAC o trámite da alta no ABALAR	Dirección	07/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Promover entre os titores o uso do ABALAR	Grupo de Traballo TIC	20/06/2023	Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)							
OBXECTIVO 3	ADQUIRIR COÑECEMENTOS SOBRE A LEXISLACIÓN EDUCATIVA VIXENTE					Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe do persoal docente que coñece a lexislación educativa vixente						
Valor de partida	0%						
Valor previsto e data	100%				18/01/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A03.1: Adquirir os coñecementos sobre a lexislación	Grupo de Traballo TIC	14/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Transmitir aos docentes os coñecementos adquiridos	Grupo de Traballo TIC	18/01/2023	Acta da convocatoria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		